

Os novos Acordos de Xullo 2007 sobre os Residentes: Avaliación de CIG-Saúde

Despois de moitos anos no que o movemento reivindicativo dos residentes galegos foi practicamente inexistente, nos últimos tempos a situación mudou substancialmente e xa é moi evidente que as melloras conseguidas nas súas condicións laborais dificilmente se terían acadado de continuar pasivos e desunidos.

Durante os anos 2005 e 2006, CIG-Saúde esforzouse en tentar que os residentes galegos se movilizaran en defensa dos seus intereses, nunha situación de inexistencia de ningunha forma de autoorganización similar ao que hoxe é AGAMIR, e no medio da absoluta inactividade dos demais sindicatos entre os residentes. Durante eses anos, a [páxina web da Agrupación Médica de CIG-Saúde \(AgM-CIG\)](#) convertiuse daquela, e sigue séndoo hoxe con moita diferenza, no lugar de internet con maior información sobre os problemas dos residentes galegos.

- Daquela, aportamos reflexións, elaboramos taboas reivindicativas, difundimos información por moitos mecanismos (carteis, correo electrónico, ...), fixemos múltiples xuntanzas nos distintos hospitais, conseguimos que algúns núcleos de residentes se involucraran na defensa dos seus intereses, promovimos a recollida de máis de 300 sinaturas de residentes esixíndolle ao SERGAS que abriera, na Mesa Sectorial, a negociación sobre as súas condicións laborais, ..., cousa que finalmente conseguimos.
- Os froitos daquel traballo foron desiguais:
 - conseguimos centrar ben, no interior do sindicato, ás reivindicacións dos residentes
 - achegámonos a núcleos de residentes que moi logo tiveron claro que CIG-Saúde era na práctica o único sindicato galego que sabía de que iban os seus intereses e tentaba defendelos, con eles debatemos e consensuamos unha táboa reivindicativa común;
 - conseguimos que o SERGAS abriera as negociacións na Mesa Sectorial para mellorar as condicións laborais e profesionais dos residentes galegos así como para aplicar en Galiza as escasas medidas de mellora xa incluídas no “[Real Decreto 1146/2006](#), de 6 de outubro, polo que se regula a relación laboral especial de residencia para a formación de especialistas en ciencias da saúde”;
 - sen embargo, non conseguimos sacar da súa pasividade e mobilizar activamente á grande maioría dos residentes na defensa dos seus intereses, malia as moitas xuntanzas que convocamos e o esforzo de difusión da información que fixemos.
- Nesta situación, coas ideas claras mais cun nivel de mobilización limitado entre os residentes, o 19/12/2006 asinamos, na Mesa Sectorial, o “[Acordo para a mellora das condicións de traballo e retributivas do persoal residente en formación](#)”, que non sería publicado en DOG até o 23/04/2007:
 - O acordo contiña substanciais melloras ao respecto da situación previa, mais é indubidábel que nalgúns aspectos (entre eles o prezo da hora de garda) o conseguido estaba lonxe dos obxectivos que nos marcáramos nas nosas táboas reivindicativas. As forzas que tiñamos eran limitadas, o SERGAS sabíao e, naquelas circunstancias, o asunto non daba máis de si.
 - No [balanzo do acordo](#) que publicou CIG-Saúde en febreiro de 2007, elaborado en xaneiro e asinado por 7 residentes de diversas áreas sanitarias, xa deixamos moi claro

que éramos moi conscientes das limitacións do acordo acadado, e de que compría seguir loitando para superalo. Ao final deste documento reproducimos unha modificación da Taboa-Resumo, que figuraba ao final daquel documento de balanço. Nesta nova Táboa 1, pódese ver, dun xeito resumido, o que daquela queríamos (a taboa reivindicativa que entón defendimos), o que daquela conseguimos (reflectedo no Acordo do 19/12/2006), o conseguido cos novos acordos do 24/07/2007, e as reivindicacións que aínda fican pendentes.

- O Acordo de decembro de 2006 foi subscrito por todos os sindicatos presentes na Mesa Sectorial e sen que, daquela e antes da aparición de AGAMIR, se escoitara a máis mínima opinión dalgunha forza sindical que logo fixo unha crítica feroz do acordo, pretendendo capitalizar o descontento dos residentes polas evidentes insuficiencias do acordado.
- No [acta do acordo do 19/12/2006](#) figuraba, a iniciativa de CIG, unha cláusula de revisión do prezo da hora de garda

3. Retribución da atención continuada: no suposto do data 30 de setembro de 2007, as contías acordadas para a retribución da atención continuada resulten inferiores á media nese momento vixente no Sistema Nacional de Saúde (referencia: valor hora) iniciárase na comisión de seguimento do acordo o procedemento para a súa revisión e adecuación.

Tamén figuraba, no acordo, o compromiso de abrir, no último trimestre de 2008, unha nova negociación sobre outros aspectos das condicións de traballo e retributivas dos residentes:

4. Compromiso de negociación: no último trimestre de 2008 procederáse ao inicio dunha nova negociación das condicións de traballo e retributivas do persoal residente, con tratamento na mesa de negociación.

O acordo asinado na Mesa Sectorial o 19/12/2006, foi un dos primeiros asinados nun Servizo de Saúde Autonómico despois da aprobación do R.D. 1140/2006 e, lóxicamente, servíu de referencia, para melloralo, nas negociacións que de contado se abriron noutras CC.AA. Logo, **nos primeiros meses de 2007, asináronse outros acordos autonómicos que sobre todo se diferenciaban do acordo galego en que, neles, o prezo da hora de garda era bastante superior.**

Con estes antecedentes, e mentres o SERGAS adiaba a aplicación do acordo e a súa publicación en DOG (que non fará até finais de abril de 2007), e mentres a prensa profesional daba abundante información do nacemento de asociacións de residentes noutras autonomías, das negociacións que nelas se iban establecendo para concretar a aplicación do RD 1145/2006 e conseguir outras melloras, producíuse o nacemento de AGAMIR, como forma de autoorganización dos residentes galegos. **A aparición de AGAMIR servíu de catalizador do despertar reivindicativo de moitos residentes**, que até entón “pasaban” dos problemas laborais e doutros tipos do seu colectivo profesional.

No mes de maio de 2007, aínda sen rematar de ter ben definida a súa estrutura e taboa reivindicativa, AGAMIR promove 2 días de folga de residentes (22 e 23 de maio) que teñen unha importante seguimento. Malia que, lóxicamente reivindicaban moitas máis cousas, un elemento central das súas reivindicacións é a necesidade de revisar o Acordo asinado en decembro 2006 na Mesa Sectorial, nomeadamente no relativo ao prezo da hora de garda que, na altura e despois dos acordos asinados noutros Servizos de Saúde CCAA, era xa un dos máis baixos.

Poucos días despois das mobilizacións promovidas por AGAMIR, o noso sindicato publicou un documento titulado "[CIG-Saúde, a renegociación do acordo sobre as condicións laborais dos residentes e AGAMIR](#)". Nese documento saudábase como algo positivo o nacemento de AGAMIR, e definíamos a nosa posición diante dela. Nese documento se afirmaba:

"O nacemento de AGAMIR abre unha nova xeira no movemento reivindicativo de residentes galegos por mellorar as súas condicións laborais e profesionais. Esta nova xeira está caracterizada por unha maior capacidade de mobilización que, "a priori", é unha importantísima ferramenta para gañar batallas sociais ..."

*... Neste sentido, e sendo plenamente conscientes de que o nacemento de AGAMIR crea unha nova situación que ninguén, incluído o SERGAS pode ignorar, **pedímoslle ao SERGAS que sexa flexíbel e acepte reabrir xa a renegociación do acordo, no seo da mesa sectorial.***

O SERGAS, probabelmente para evitar males maiores, escoitou o clamor dos residentes, vehiculizado por AGAMIR, así como a nosa petición concreta de aplicar as cláusulas de revisión do acordo asinado o 19/12/2007 sen esperar até outubro, como en principio se acordara cando existía un contexto moi distinto. **Abriuse así a renegociación do acordo, e durante os meses de xuño e xullo** tiveron lugar diversas xuntanzas da "Comisión de Seguimento do Acordo sobre a mellora das condicións laborais dos residentes". Ao cabo, as negociacións remataron, o 28/07/2007, coa sinatura por parte do SERGAS e de CIG-Saúde e os demais sindicatos con representación dabondo para estar na Mesa Sectorial, de dous importantes acordos que AGAMIR tamén ratificou:

- O [acordo sobre os novos prezos da hora de garda dos residentes](#), que pasan agora a situarse entre os máis elevados das CC.AA., e
- O [acordo para a constitución de Comisións de Residentes nas distintas xerencias](#), nas que se poderán tratar os problemas laborais locais que afecten aos residentes, que até agora carecían dun marco institucional no que ser debatidos e solucionados.

Na opinión de CIG-Saúde **entre os elementos claves** que permitiron que as negociacións de xuño e xullo remataran cuns acordos percibidos como moi bos, non so polo noso sindicato senón tamén, cremos, pola grande maioría dos residentes, figuran os seguintes:

- CIG-Saúde soubo resistir a tentación de dar demasiada importancia a determinadas descualificacións do contido do acordo asinado en decembro de 2007, e dos seus asinantes, entre eles o noso sindicato. Consideramos que esas descualificacións eran debidas, evidentemente con excepcións, á falta de información sobre cal era a situación no momento en que o acordo fora asinado. Desde o seu nacemento, e sen abdicar en ningún momento das nosas posicións, buscamos a colaboración con AGAMIR e non o enfrontamento.
- Pola súa banda, AGAMIR fuxiu de posicións antisindicaais simplistas, e non tardou en darse conta de que o lugar máis acaído para chegar a acordos satisfactorios co SERGAS era a Mesa Sectorial.
- Iniciada a iniciativa de AGAMIR, durante todo o proceso negociador houbo un contacto permanente, e xuntanzas periódicas entre esta asociación e CIG-Saúde. Froito desta colaboración:
 - A táboa reivindicativa defendida por CIG-Saúde na mesa negociadora fora debatida e consensuada previamente con AGAMIR

- En todas as xuntanzas da negociación participaron representantes de AGAMIR incluídos na delegación de CIG-Saúde¹, dese xeito AGAMIR estivo informada en todo momento da evolución das negociacións, así como das propostas, actitude e compromiso coas súas reivindicacións de cada un dos sindicatos presentes na negociación.

A importante mellora no prezo da hora de garda e o compromiso de poñer en marcha as comisións de residentes por xerencias, conseguidos nos acordos do 24/07/2007, non deben facernos esquecer que aínda quedan pendentes moitas reivindicacións e problemas dos residentes por resolver, e que ninguén regala nada. Así entre os retos que temos por diante figuran os seguintes:

- Conseguir que as Comisións de Residentes locais se creen, funcionen realmente, e sexan operativas e resolutivas.
- Constituír dunha vez o “Grupo de Traballo sobre Responsabilidade Progresiva e as Titorías” que debe presentar propostas concretas a debater e aprobar na Comisión de Seguimento do Acordo. O SERGAS se comprometera a convocar a este Grupo de Traballo antes de que finalizara o mes de xullo, cousa que evidentemente non fixo.
- Facer un seguimento activo e participar activamente no proceso de elaboración do denominado Decreto Formativo de Residentes, que se está preparando en Madrid.
- Acumular forzas para estar, dentro de 1 ano, en boas condicións para afrontar a negociación dun novo acordo sobre as condicións laborais dos residentes galegos, que deberá substituír ao asinado en decembro de 2006 e que, como está previsto nel, deberá ter vixencia desde febreiro de 2009.

Eses son algúns dos retos de traballo sindical entre os residentes que, desde CIG-Saúde, teremos que afrontar despois do verán do 2007.

¹ É frecuente que, dentro das delegacións de CIG-Saúde nas mesas negociadoras, haxa representantes directos dos colectivos implicados na negociación correspondente que non están afiliados ao noso sindicato. Sen embargo, e a diferenza doutros sindicatos, isto só sucede cando, previamente, temos consensuado con eles as reivindicacións concretas a defender na mesa de negociación. Esta é unha posición tradicional de CIG-Saúde baseada nos seguintes presupostos:

- Nas negociacións da Mesa Sectorial, CIG-Saúde represéntase a si mesma, é dicir representa aos seus afiliados e ás persoas que libremente, nas eleccións sindicais, votaron ao noso sindicato porque están de acordo coas súas ideas, e/ou co noso xeito de facer traballo sindical.
- Cando CIG-Saúde participa nunha negociación parcial, dun determinado grupo profesional (p.ex. os médicos, ou os celadores) ou dunha parte dese grupo (p.ex. os residentes, ou os facultativos con contratos temporais, ou os celadores dos PACs), o noso sindicato sempre se esforza en facer compatíbel a defensa concreta dos intereses dese colectivo concreto coa defensa dos intereses globais do conxunto dos traballadores do sistema sanitario e coa defensa e potenciación do sistema sanitario público galego. Para CIG-Saúde ter sempre unha visión global dos problemas e manter a coherencia das súas actuacións, son principios de actuación sindical.
- A miúdo, no proceso da negociación dos problemas dun colectivo profesional concreto, o noso sindicato relaciónase con asociacións representativas dese colectivo, frecuentemente de base asemblearia e que en moitas ocasións xurdiron en relación co problema concreto que se vai negociar. Nestas situacións, non é infrecuente que, cando menos en principio, esa asociación e o noso sindicato teñamos visións dos problemas cando menos parcialmente diferentes. A actuación de CIG-Saúde, neste tipo de situacións é sempre similar: debater a fondo os problemas ao principio, facer agromar claramente canto antes as diferencias, se é que existen e, logo, esforzarnos por debatelas e buscar puntos de consenso. So cando somos capaces de chegar a consensos claros cos representantes do colectivo implicado invitámoslos a participar nas negociacións dentro da delegación de CIG-Saúde. Isto foi o que sucedeu no caso de AGAMIR.

TABOA 1.- Principais Reivindicacións dos Residentes Galegos, os obxectivos de CIG-SAÚDE e a súa evolución.

QUE QUERIAMOS no 2006	O CONSEGUÍDO no Acordo do 19/12/06	O CONSEGUÍDO no Acordo do 24/07/07	ONDE QUEREMOS CHEGAR																																				
12 h descanso entre xornadas Descanso semanal 36 h	12 h descanso entre xornadas agás necesidades formativo-asistenciais. Réxime descansos alternativos Estat.Marco		Libranza da garda sen ningunha limitación.																																				
Limite mensual de gardas	5 gardas por mes, ampliable ata 7 por necesidades formativas																																						
Limite anual de gardas	Negociación global sobre xornada 1º semestre 2007 ^a		Regulación xornada de todos os facultativos																																				
Vacacións/permisos = resto persoal	SI																																						
Cómputo como xornada das horas obrigatorias de formación.	NON		Que a formación obrigatoria forme parte da xornada laboral																																				
Gastos desprazamento cursos obrigatorios	Gastos por prestar servizos en centros fóra do municipio e distantes > 30 quilómetros																																						
Responsabilidade Civil = resto persoal	SI																																						
Prestacións Sociais como mellora de IT	SI																																						
Aplicar e adiantar a subida retributiva prevista no Decreto 1145/2006 50% en 2006 25% en 2007 25% en 2008	Subida retributiva segundo o decreto: 25% en 06, 25% en 07, 50% en 08 <table border="1"> <thead> <tr> <th></th> <th>06</th> <th>07</th> <th>08</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>R1</td> <td>953,08 €</td> <td>999,06 €</td> <td>1.091,02 €</td> </tr> <tr> <td>R2</td> <td>1.030,75 €</td> <td>1.079,94 €</td> <td>1.178,30 €</td> </tr> <tr> <td>R3</td> <td>1.132,92 €</td> <td>1.184,41 €</td> <td>1.287,40 €</td> </tr> <tr> <td>R4</td> <td>1.223,86 €</td> <td>1.281,41 €</td> <td>1.396,51 €</td> </tr> <tr> <td>R5</td> <td>1.314,80 €</td> <td>1.378,40 €</td> <td>1.505,61 €</td> </tr> </tbody> </table>		06	07	08	R1	953,08 €	999,06 €	1.091,02 €	R2	1.030,75 €	1.079,94 €	1.178,30 €	R3	1.132,92 €	1.184,41 €	1.287,40 €	R4	1.223,86 €	1.281,41 €	1.396,51 €	R5	1.314,80 €	1.378,40 €	1.505,61 €	Retribucións proporcionais ás dos especialistas: R1: 50% do especialista R5: 90% do especialista													
	06	07	08																																				
R1	953,08 €	999,06 €	1.091,02 €																																				
R2	1.030,75 €	1.079,94 €	1.178,30 €																																				
R3	1.132,92 €	1.184,41 €	1.287,40 €																																				
R4	1.223,86 €	1.281,41 €	1.396,51 €																																				
R5	1.314,80 €	1.378,40 €	1.505,61 €																																				
Prezo hora de garda: R3 e seguintes: 90% do especialista R2: 80% do especialista R1: 70% do especialista	<table border="1"> <thead> <tr> <th></th> <th>07</th> <th>08</th> <th>09</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>R1</td> <td>7,90 €</td> <td>8,44 €</td> <td>9,03 €</td> </tr> <tr> <td>R2</td> <td>8,38 €</td> <td>8,97 €</td> <td>9,59 €</td> </tr> <tr> <td>≥ R3</td> <td>9,03 €</td> <td>9,59 €</td> <td>10,14 €</td> </tr> </tbody> </table>		07	08	09	R1	7,90 €	8,44 €	9,03 €	R2	8,38 €	8,97 €	9,59 €	≥ R3	9,03 €	9,59 €	10,14 €	<table border="1"> <thead> <tr> <th></th> <th>07</th> <th>08</th> <th>09</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>R1</td> <td>10,86 €</td> <td>11,62 €</td> <td>12,43 €</td> </tr> <tr> <td>R2</td> <td>12,42 €</td> <td>13,29 €</td> <td>14,22 €</td> </tr> <tr> <td>R3</td> <td>13,98 €</td> <td>14,96 €</td> <td>16,01 €</td> </tr> <tr> <td>R4-R5</td> <td>15,47 €</td> <td>16,55 €</td> <td>17,71 €</td> </tr> </tbody> </table>		07	08	09	R1	10,86 €	11,62 €	12,43 €	R2	12,42 €	13,29 €	14,22 €	R3	13,98 €	14,96 €	16,01 €	R4-R5	15,47 €	16,55 €	17,71 €	Prezos da hora de garda proporcionais aos dos especialistas
	07	08	09																																				
R1	7,90 €	8,44 €	9,03 €																																				
R2	8,38 €	8,97 €	9,59 €																																				
≥ R3	9,03 €	9,59 €	10,14 €																																				
	07	08	09																																				
R1	10,86 €	11,62 €	12,43 €																																				
R2	12,42 €	13,29 €	14,22 €																																				
R3	13,98 €	14,96 €	16,01 €																																				
R4-R5	15,47 €	16,55 €	17,71 €																																				
Retribución días especial significación	SI, xa desde decembro 06																																						
Equiparación retributiva último ano residencia	NON		Diminuir diferencias entre residentes especialidades con distinta duración																																				
Coñecer calendario gardas con antelación	SI																																						
Resolver excesos xornada derivados prestación servizos en distintos servizos																																							
Responsabilidades e funcións claras	Formación Grupo de Traballo ^b		Responsabilidades e funcións claras																																				
		Comisións Residentes nas Xerencias	Marco negociador claro e efectivo para tratar problemas locais.																																				

^a O SERGAS non cumpriu o seu compromiso de abrir, no 1º semestre de 2007, a negociación para a actualización da xornada e retribucións dos facultativos, na que se vai incluír a dos residentes. Este feito foille recriminado en varias ocasións por CIG-Saúde. Semella que esa negociación vai comezar finalmente despois do verán.

^b O SERGAS, do mesmo xeito que adiou a publicación en DOG, e a aplicación, do Acordo do 19/12/2006, tampouco puxo en marcha ese Grupo de Traballo. Durante a renegociación do acordo, en xullo 2007, o SERGAS comprometeuse a poñelo en marcha xa. Desde CIG-Saúde imos esixirlle que comece a funcionar de contado despois do verán.